

-

Proxecto de ORDE 2022 pola que se regula o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo procedente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día quince de xuño de dous mil seis adoptou, entre outros acordos, aprobar a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos entes locais da Comunidade Autónoma, sendo publicados tanto o acordo fundacional como os seus estatutos no Diario Oficial de Galicia núm.131 do 07.07.2006.

A cláusula sexta do Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CCOO e UGT para a integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 06.03.2017 prevé a integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do seu persoal laboral fixo.

Co fin de dar cumprimento ás previsións contidas no dito acordo, tramitouse unha modificación dos estatutos do Consorcio no que atinxe ao réxime do persoal ao seu servizo, adaptando así a normativa estatutaria neste ámbito ás disposicións que nesta materia se establecen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga)

Ista adaptación supuxo non só a modificación do artigo 31 dos estatutos, en que se regula o réxime xurídico do persoal ao servizo do Consorcio, senón tamén a modificación do réxime competencial dos seus órganos de goberno no que atinxe ás cuestións de persoal, respectando así as previsións contidas na Lofaxga; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e demais normativa de aplicación.

O Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, establece as bases ás que se suxeitarán os procedementos de integración voluntaria do persoal das entidades afectadas polo seu ámbito de aplicación e establece os efectos da citada integración.

De conformidade co marco normativo anteriormente indicado mediante escrito da secretaría xeral técnica da Consellería de Política Social e Xuventude solicitouse, de conformidade co Decreto 129/2012, do 31 de maio, a iniciación do procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal procedente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

-

Recibida a dita solicitude procede aprobar esta Orde, que ten por finalidade regular o procedemento de integración, como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, baixo os principios de voluntariedade, homologación e homoxeneidade nas condicións previstas na normativa do persoal laboral da Xunta de Galicia.

No proxecto de Orde non se recolle un anexo dos postos de traballo aos que se adscribiría aos solicitantes da integración que cumpran os requisitos, dado que neste momento está pendente a aprobación da relación de postos de traballo, sendo as partidas orzamentarias vinculadas aos postos de traballo que sexan codificados unha vez que remate o procedemento de integración as seguintes: *****.

Por todo iso, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e previa negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos,

DISPOÑO

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación (**código de procedemento AP100A**).

1. A presente Orde ten por obxecto regular o procedemento de integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (**código de procedemento AP100A**) do persoal laboral fixo do *Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar* (en adiante *CGSIB*).

2. Poderá exercer a opción para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia o persoal laboral da *CGSIB*, sempre que reúna os seguintes requisitos:

a) Ter formalizado un contrato laboral fixo coa entidade de procedencia, celebrado despois de ter pasado un proceso de selección realizado baixo os principios constitucionais de publicidade.

b) Ter a titulación establecida no Anexo I e cumprir os demais requisitos esixidos para o acceso ao grupo e a categoría de homologación do convenio colectivo único da Xunta de Galicia.

c) Estar en situación de servizo activo ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto.

3. Non poderá exercer a opción para se integrar como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia o persoal que estivera vinculado *CGSIB* por un contrato de alta dirección ou mediante unha relación laboral de

-

carácter temporal ou indefinida non fixa. Igualmente tampouco poderá exercer o dereito de opción o persoal de carácter eventual ou alto cargo que non tivera a condición de persoal laboral fixo da mencionada entidade.

Artigo 2.- Solicitude e prazos.

1. A solicitude de integración dirixirase á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude e realizarase no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, segundo o modelo de solicitude que se xunta no Anexo II.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 3. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 4.- Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo no *CGSIB*.
- b) Títulos oficiais universitarios.
- c) Títulos oficiais non universitarios
- d) Retribucións percibidas durante o ano anterior á da data de publicación da presente orde, detallada por conceptos e mensualidades.

-

e) Resolución de concesión da situación administrativa do solicitante que se atope nunha situación distinta da de servizo activo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5.- Tramitación.

1. Examinadas as solicitudes, a da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude requirirá, se é o caso, ás persoas interesadas para que, no prazo de dez días hábiles, presenten ou completen a documentación que considere necesaria para os efectos de continuar a tramitación do procedemento. De non achegar a documentación solicitada no prazo establecido entenderase que desisten da súa solicitude e procederase á resolución de arquivo correspondente, de conformidade co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

2. Recibidas todas as solicitudes e a documentación correspondente, a da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, remitirá á Dirección Xeral da Función Pública unha proposta, que conterá:

a) A relación do persoal que a mencionada Secretaría Xeral Técnica considere que reúne os requisitos para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia, con indicación do grupo e categoría profesional de homologación co V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, posto de traballo e o carácter da adscrición ao mesmo.

b) A relación do persoal que aquela considere que non reúne os requisitos para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. Xunto coa dita proposta achegaranse en formato electrónico os expedientes individuais coa documentación precisa para a tramitación deste proceso, cada un dos cales deberá contar cos documentos necesarios para determinar o cumprimento dos requisitos de integración e deberá incluír un

-

índice de documentos que o compoñen. Tamén se achegará un certificado expedido pola entidade de adscrición das retribucións percibidas durante o ano anterior á da data de publicación da presente Orde, detallada por conceptos e mensualidades.

4. Recibida a documentación indicada con anterioridade, a Dirección Xeral da Función Pública, pedirallo informe á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

5. Créase unha comisión formada por representantes das Direccións Xerais de Planificación e Orzamentose da Función Pública, de Simplificación Administrativa, e da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude e unha persoa proposta por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos da Xunta de Galicia, cuxo cometido será realizar un informe sobre o cumprimento ou non dos requisitos das persoas interesadas para se integrar como persoal laboral da Xunta de Galicia, o grupo e categoría profesional no que se produciría aquela, o posto de traballo no que se integra e o carácter da adscrición ao mesmo. Este informe remitirase á Dirección Xeral da Función Pública.

6. Unha vez examinada toda a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, a Dirección Xeral da Función Pública, á vista dos antecedentes que figuren no expediente, realizará a proposta de integración á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, para que resolva o que proceda mediante orde.

7. O transcurso do prazo de tres meses desde o vencemento do prazo de presentación das solicitudes sen se ter ditado a resolución correspondente habilitará aos interesados para entenderen desestimadas as súas solicitudes.

Artigo 6.- Efectos da integración.

1. A resolución de integración determinará o grupo e categoría profesional do convenio colectivo único da Xunta de Galicia no que se integra ao persoal interesado, o posto no que se integra e o carácter da adscrición ao mesmo.

2. O persoal integrado será adscrito co carácter que corresponda a postos vacantes do *CGSIB* ou, se é o caso, a postos de nova creación na mencionada entidade.

3. A integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración xeral da Xunta de Galicia.

-

4. Ao persoal que como consecuencia da integración experimente unha diminución en cómputo anual das retribucións fixas e periódicas recoñeceráselle un complemento persoal de integración, de carácter transitorio, consistente na diferenza de retribucións, nos termos do establecidos na disposición transitoria primeira do Decreto 129/2012, do 31 de maio, de xeito, que a equiparación total producírase no prazo máximo de seis anos dende a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia. [Estase analizando a súa posible supresión.](#)

5. Ao persoal laboral integrado faráselles, de acordo co previsto no artigo 12.5 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, un recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade para efectos de trienios, para adecuar a súa antigüidade en termos de homoxeneidade coa prevista no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, sen prexuízo do disposto na Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. [Estase analizando a súa posible supresión.](#)

6. Ao persoal integrado aplicaráselle, para todos os efectos, o réxime económico e xurídico do convenio colectivo único da Xunta de Galicia, sen que en ningún caso orixine dereito a indemnización ningunha. [Estase analizando a súa posible supresión.](#)

7. Procederá a extensión da correspondente dilixencia de integración por parte do *CGSIB* na que sexa destinada o persoal integrado.

Artigo 7.- Efectos da non integración.

O persoal laboral fixo do *CGSIB* que non solicite a súa integración ou, unha vez solicitada renuncie voluntariamente a ela, así como os solicitantes que non cumpran os requisitos para que aquela se produza, manterá as condicións laborais establecidas no Decreto 129/2012, do 31 de maio, todo iso sen prexuízo do disposto na Disposición adicional 3ª e no ordenamento laboral.

Artigo 8.- Notificacións.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que

-

consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9.- Publicación dos actos.

A orde que resolva o procedemento publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nela incluírase a listaxe de persoas integradas, grupo e categoría de integración e, se é o caso, posto de traballo adxudicado. Tamén incluírá a listaxe de persoas non integradas, con expresión da causa da desestimación da integración.

Disposición derradeira primeira. Normativa aplicable

Ademais de polo previsto nesta orde, o procedemento de integración rexerá polo establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

A presente orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

ANEXO I . TÁBOA HOMOLOGACIÓNS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

ANEXO I.TÁBOA HOMOLOGACIÓNS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

TITULACIÓN REQUIRIDA ENTE	GRUPO E CATEGORÍA PROFESIONAL DE HOMOLOGACIÓN DO V CONVENIO COLECTIVO
Licenciatura ou grao	Grupo I-CATEGORÍA 04, 06
Diplomatura	Grupo II-CATEGORÍA 02,05,06,07,08, 011,017,020, 037,040
Bacharelato ou F.P. de 2º grao	Grupo III-CATEGORÍA 02,050,062,091,
Graduado en E.S:O ou equivalente	Grupo IV, CATEGORÍA 01,016,043,044

Nota: O grupo e categoría profesional que se recollen no Anexo I da presente orde teñen por finalidade dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 do Decreto 129/2012, e establécense sen prexuízo do grupo e categoría profesional no que definitivamente se integre, de ser o caso, na Administración da Xunta de Galicia o persoal incluído no ámbito de aplicación da presente orde.

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INTEGRACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DA XUNTA DE GALICIA	AP100A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM. BLOQ.	ANDAR PORTA

-

PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DO SOLICITANTE	CATEGORÍA DO ANEXO I NA QUE SOLICITA A INTEGRACIÓN

NÚM. DOG DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCEDER Á CATEGORÍA DESDE QUE SE SOLICITA A INTEGRACIÓN	NÚM. DOG DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCEDER Á CATEGORÍA DESDE QUE SE SOLICITA A INTEGRACIÓN

COMPROBACIÓN DE DATOS	OPÓÑOME Á CONSULTA
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	
Contrato de traballo como persoal laboral fixo da categoría desde a que se solicita a integración	0
Títulos oficiais universitarios	0
Títulos oficiais non universitarios	0
Certificado das retribucións percibidas no ano anterior á publicación desta orde, detallada por conceptos e mensualidades	0
Resolución de concesión da situación administrativa do solicitante que se atope nunha situación distinta da de servizo activo	0

ANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Facenda e Administración Pública. Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes

tratamento	públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 129/2012, del 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción (código de procedemento **FA400A**) (*Diario Oficial de Galicia* número 112, do 13 de xuño).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

--

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude.

galicia



Xacobeo 2021



SEDE ELECTRÓNICA
<https://sede.xunta.gal>

Este formulario só poderá presentarse nas
formas previstas na súa norma reguladora